

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

21160 *Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A economía española está sufrindo os efectos da actual crise económica, os cales están sendo especialmente significativos no mercado de traballo, como o pon de manifesto o importante aumento do desemprego e a gran destrución de emprego que se produciu durante o último ano e, de maneira moi especial, nos últimos meses.

O Goberno adoptou xa numerosas medidas para facer fronte á crise económica, tanto nos seus aspectos financeiros, como nos efectos que está tendo esta sobre a economía real e o emprego. Estas medidas articuláronse no Plan Español para o Estímulo da Economía e o Emprego. O plan conta con catro eixes de actuación. En primeiro lugar, durante o ano 2009, para apoiar a renda dispoñible das familias destináronse cerca de 10.000 millóns de euros en forma de impulso fiscal e para apoiar as empresas, principalmente pemes, liberáronse 6.000 millóns de euros a través de rebaixas fiscais, e 29.000 millóns de euros a través das liñas do ICO para facilitar o seu acceso ao crédito. En segundo lugar, o plan introduce medidas directas de impulso á creación de emprego, entre as que cabe destacar o Fondo de Inversión Local, dotado con 8.000 millóns de euros e o Fondo Especial para a Dinamización da Economía e o Emprego, dotado con 3.000 millóns de euros. En terceiro lugar, o Plan recolle as actuacións que, de maneira coordinada cos países da Unión Europea, se adoptaron para proporcionar liquidez ao sistema financeiro, ante as actuais circunstancias extraordinarias de inestabilidade, e así axudar a reactivar o canal do crédito cara a familias e empresas. Por último, o plan inclúe tamén unha ambiciosa axenda de reformas para modernizar a nosa economía, mellorar a súa produtividade e sentar as bases do cambio de modelo produtivo.

Neste contexto de respostas para facer fronte á crise económica e ante a gravidade que está adquirindo a situación do mercado de traballo, parece oportuno seguir afondando na adopción de novas medidas, con carácter urxente, para o mantemento e a xeración de emprego e a protección das persoas desempregadas.

O Goberno, en primeiro lugar, adquire o compromiso de incrementar as dotacións orzamentarias na contía necesaria para garantir o dereito dos traballadores desempregados ao cobramento das prestacións por desemprego.

En segundo lugar, o Goberno e os interlocutores sociais analizaron e valoraron no marco do diálogo social estas medidas e, aínda que non foi posible alcanzar un acordo sobre elas, si que houbo coincidencia na necesidade de poñelas en marcha con carácter urxente.

II

As medidas adoptadas nesta lei estrutúranse en catro capítulos. O capítulo I regula dúas medidas dirixidas ao mantemento do emprego. Así, o artigo 1 recolle unha medida

dirixida a favorecer a regulación temporal de emprego en lugar da extinción dos contratos, bonificando as cotizacións empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social nun 50 por cento naqueles supostos en que se proceda por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción a un axuste temporal do emprego coa perspectiva de garantir a continuidade da empresa e dos postos de traballo, sempre que o empresario asuma o compromiso de manter o emprego durante polo menos un ano despois de finalizada a situación de suspensión de contratos ou redución de xornada.

A segunda medida recollida neste primeiro capítulo modifica a regulación do convenio especial da Seguridade Social que se subscribe no marco de determinados expedientes de regulación de emprego de empresas non incursas en procedemento concursal, co fin de conseguir un dobre obxectivo: por un lado, evitar o abandono prematuro do mercado de traballo daqueles traballadores que, a unha idade laboral avanzada, vexan extinguidos os seus contratos de traballo a través de despedimentos colectivos, pois é cofecido que nas situacións económicas desfavorables os traballadores de maior idade se ven afectados, de feito, en maior grao. Por outro lado, mellorar a protección destes traballadores, ao posibilitar que as cotizacións efectuadas polo empresario durante os períodos de actividade laboral que se desenvolven durante a vixencia do convenio especial se apliquen á parte do convenio que debe sufragar o traballador a partir dos sesenta e un anos, fomentando a prolongación da vida activa e desincentivando unha saída prematura do mercado de traballo, coa mingua na pensión de xubilación que iso supón.

O capítulo II recolle dúas medidas dirixidas a mellorar a protección social dos traballadores. A primeira delas consiste en repoñer a prestación por desemprego e a cotización á Seguridade Social dos traballadores aos cales se lles suspendese o seu contrato de traballo ou se lles reducise a súa xornada por un expediente de regulación de emprego e, posteriormente, se lles extinga ou suspenda o contrato por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción. Trátase, con iso, de favorecer tamén o mantemento dos contratos de traballo a través de expedientes de regulación temporais, evitando con iso a destrución de postos de traballo.

A segunda medida suprime o prazo de espera dun mes para o percibo do subsidio de desemprego que ata agora se aplicaba en determinados supostos; elimínanse con iso períodos de desprotección dos traballadores desempregados afectados.

No capítulo III establécense medidas para incentivar o emprego das persoas desempregadas. Así, no artigo 5 régulase unha nova medida que ten por obxecto incentivar o empresario para a contratación indefinida de traballadores beneficiarios das prestacións por desemprego, como medida de política activa de emprego, de aplicación preferente sobre as políticas meramente pasivas. Neste sentido, á empresa que contrate un traballador desempregado que perciba prestacións por desemprego poderáselle bonificar o 100 por 100 da cota empresarial por contingencias comúns da Seguridade Social, ata alcanzar, como máximo, o equivalente do importe da prestación que tivese pendente de percibir no momento da data de entrada en vigor do contrato, cun máximo de duración da bonificación de tres anos. Esta medida aplicarase non só a quen percibe prestacións contributivas, senón tamén a desempregados que perciben o subsidio asistencial e a renda activa de inserción.

Ademais, neste capítulo III recóllense dúas medidas dirixidas ao impulso dos contratos indefinidos a tempo parcial, así como dos contratos temporais a tempo parcial de determinados colectivos de difícil empregabilidade, que favorecen a creación dun tipo de emprego estable que noutros países europeos ten unhas taxas moi elevadas, taxas que acostuman asociarse a índices de emprego tamén moi elevados. Con esta finalidade, o artigo 6 introduce dúas modificacións na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego: a primeira delas inclúe entre os traballadores cuxa contratación pode dar lugar a bonificación, se está incluído entre os colectivos regulados no programa de fomento de emprego, o demandante de mellor emprego que, sendo traballador a tempo parcial cunha xornada moi reducida —inferior a un terzo da xornada a tempo completo— é contratado noutra empresa; a segunda medida supón incentivar

proporcionalmente máis o contrato a tempo parcial fronte ao contrato de xornada completa.

O capítulo IV pretende impulsar a empregabilidade dos traballadores con discapacidade, tendo en conta a importante incidencia que a actual crise económica está tendo sobre os centros especiais de emprego e, por tanto, sobre as perspectivas de creación e particularmente de mantemento do emprego dos traballadores con discapacidade.

Estas medidas complementáanse con outras incluídas na parte final da lei. En primeiro lugar, débese destacar a disposición adicional segunda, na cal se establece a demora da materialización dos excedentes de ingresos que financian as prestacións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión, resultantes da execución orzamentaria correspondente ao exercicio 2008. En segundo lugar, incorpóranse na lei determinadas modificacións da normativa de Seguridade Social, que teñen como finalidade dar solución á variada problemática que se vén presentando no sistema. En tal sentido, régulase o encadramento na Seguridade Social do persoal estatutario dos servizos de saúde que realice actividades complementarias privadas, de modo que, en razón destas, quede encadrado no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, evitando, dada a heteroxeneidade que pode concorrer nestas situacións, que se establezan solucións de encadramento de Seguridade Social dispares que, pola súa vez, poidan provocar distorsións importantes na prestación de servizo e, derivado diso, na propia concorrencia de profesionais.

Doutra parte, modifícase a forma de acreditación dos requisitos establecidos co fin de encadrar os traballadores agrarios por conta propia no denominado «sistema especial para traballadores por conta propia agrarios», de modo que se amplía o prazo para a dita acreditación, eliminando a eventualidade de que unha variación ocasional de rendementos obtidos polo interesado poida dar lugar á exclusión do dito sistema especial.

Por outro lado, modifícase o sistema de cotización á Seguridade Social prevista para os traballadores autónomos que se dediquen á venda ambulante en mercados tradicionais, de modo que as especialidades que se conteñen para o efecto na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, se estendan non só para os supostos de incorporación dos interesados en cooperativas, senón tamén nos casos de vendedores individuais.

Por último, a disposición derradeira primeira habilita o Goberno para prorrogar o Plan Extraordinario de Medidas de Orientación, Formación Profesional e Inserción Laboral aprobado en abril de 2008, co fin de proporcionar un mellor servizo ao crecente número de persoas desempregadas, en particular no que se refire á orientación profesional para lograr unha máis rápida inserción laboral.

CAPÍTULO I

Medidas de mantemento do emprego

Artigo 1. Bonificación na cotización empresarial á Seguridade Social nos supostos de regulacions temporais de emprego.

1. As empresas terán dereito a unha bonificación do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, xeradas polos traballadores en situacións de suspensión de contrato ou redución temporal de xornada que fosen autorizadas en expedientes de regulación de emprego, incluídas as suspensións de contratos colectivos tramitadas de conformidade coa lexislación concursal. A duración da bonificación será coincidente coa situación de desemprego do traballador, sen que en ningún caso poida superar os 240 días por traballador.

2. Para a obtención da bonificación será requisito necesario que o empresario se comprometa a manter no emprego os traballadores afectados durante polo menos un ano con posterioridade á finalización da suspensión ou redución autorizada. En caso de incumprimento desta obriga, deberá reintegrar as bonificacións aplicadas respecto dos

ditos traballadores, sen prexuízo da aplicación do establecido na Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non se considerará incumplida esta obriga cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado como procedente, por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

As empresas que extinguisen ou extingan por despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou por despedimento colectivo contratos aos cales se aplicase a bonificación establecida neste artigo quedarán excluídas por un período de doce meses das bonificacións establecidas no Programa de fomento do emprego regulado na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego. A citada exclusión afectará un número de contratos igual ao das extincións producidas. O período de exclusión contarase a partir do recoñecemento ou da declaración de improcedencia do despedimento ou da extinción derivada do despedimento colectivo.

3. Será de aplicación o establecido no artigo 1.3 e 1.4 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, así como os requisitos regulados no artigo 5, as exclusións establecidas nas letras a) e b) do artigo 6.1, e o disposto no seu artigo 9 sobre reintegro dos beneficios.

4. As bonificacións ás cales se refire este artigo serán compatibles con outras axudas públicas previstas coa mesma finalidade, incluídas as reguladas no Programa de fomento de emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida superar o 100 por 100 da cota empresarial á Seguridade Social.

5. O disposto neste artigo será aplicable ás solicitudes de regulación de emprego presentadas desde o 1 de outubro de 2008 ata o 31 de decembro de 2010, salvo o establecido no último parágrafo do número 2 deste artigo, que será de aplicación ás solicitudes de regulación de emprego presentadas desde a entrada en vigor desta lei ata o 31 de decembro de 2010.

6. O Servizo Público de Emprego Estatal levará a cabo un seguimento trimestral da bonificación establecida neste artigo, para garantir que se cumpren os seus requisitos e finalidade.

7. Esta bonificación de cotas da Seguridade Social aplicarana os empregadores con carácter automático nos correspondentes documentos de cotización, sen prexuízo do seu control e revisión pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola Tesouraría Xeral de Seguridade Social e polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 2. Modificación da regulación do convenio especial da Seguridade Social para subscribir en determinados expedientes de regulación de emprego, a fomentar a actividade dos traballadores neles incluídos.

A disposición adicional trixésimo primeira da Lei xeral da seguridade social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo primeira. Réxime xurídico do convenio especial a subscribir en determinados expedientes de regulación de emprego.

1. No convenio especial a que se refire o artigo 51.15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as cotizacións abarcarán o período comprendido entre a data en que se produza o cesamento no traballo ou, de ser o caso, en que cese a obriga de cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo, e a data en que o traballador cumpra os 65 anos, nos termos establecidos nos puntos seguintes.

2. Para tal efecto, as cotizacións polo referido período determinaranse aplicando á media das bases de cotización do traballador, nos últimos seis meses de ocupación cotizada, o tipo de cotización previsto na normativa reguladora do convenio especial. Da cantidade resultante deducirase a cotización, a cargo do Servizo Público de Emprego Estatal, correspondente ao período en que o traballador

poida ter dereito á percepción do subsidio de desemprego, cando corresponda cotizar pola continxencia de xubilación, calculándoa en función da base e o tipo aplicable na data de subscripción do convenio especial.

Ata a data de cumprimento por parte do traballador da idade de 61 anos, as cotizacións serán a cargo do empresario e ingresarán na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ben dunha soa vez, dentro do mes seguinte ao da notificación por parte do citado servizo común da cantidade que hai que ingresar, ben de maneira fraccionada garantindo o importe pendente mediante aval solidario ou a través da substitución do empresario no cumprimento da obriga por parte dunha entidade financeira ou aseguradora, logo de consentimento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración.

A partir do cumprimento por parte do traballador da idade de 61 anos, as achegas ao convenio especial serán obrigatorias e ao seu exclusivo cargo, e deberán ser ingresadas, nos termos previstos na normativa reguladora do convenio especial, ata o cumprimento da idade de 65 anos ou ata a data en que, de ser o caso, acceda á pensión de xubilación anticipada, sen prexuízo do previsto no número 4.

3. En caso de falecemento do traballador ou de recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente durante o período de cotización correspondente ao empresario, este terá dereito ao reintegro das cotas que, de ser o caso, se ingresasen polo convenio especial, correspondentes ao período posterior á data en que tivese lugar o falecemento ou o recoñecemento da pensión, logo de regularización anual e nos termos que regulamentariamente se establezan.

4. Se durante o período de cotización a cargo do empresario o traballador realizase algunha actividade pola que se efectúen cotizacións ao sistema da Seguridade Social, as cotas coincidentes coas correspondentes á actividade realizada, ata a contía destas últimas, aplicaranse ao pagamento do convenio especial durante o período a cargo do traballador recollido no último parágrafo do número 2, nos termos que regulamentariamente se determinen e sen prexuízo do dereito do empresario ao reintegro das cotas que procedan, de existir remanente na data en que aquel cause a pensión de xubilación.

5. Os reintegros a que se refiren os números 3 e 4 xerarán o xuro legal do diñeiro vixente na data en que se produza o seu feito causante, calculado desde o momento en que teña lugar ata a proposta de pagamento.

Para tal efecto, o feito causante do reintegro terá lugar na data do falecemento do traballador ou naquela en que este causase pensión de incapacidade permanente para os supostos previstos no número 3, e na data en que o traballador causase pensión de xubilación, para o suposto previsto no número 4.

6. No non previsto nos puntos precedentes, este convenio especial rexerá polo disposto nas normas regulamentarias reguladoras do convenio especial no sistema da Seguridade Social.»

CAPÍTULO II

Medidas de protección das persoas desempregadas

Artigo 3. *Reposición do dereito á prestación por desemprego.*

1. Cando se autorice unha empresa, en virtude dun ou varios expedientes de regulación de emprego ou procedementos concursais, a suspender os contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou a reducir o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se autorice por resolución administrativa en expediente de regulación de emprego ou por resolución xudicial en procedemento concursal a extinción dos contratos, ou se extinga o contrato ao abeiro do artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, os traballadores afectados terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel

contributivo polo mesmo número de días que percibisen o desemprego total ou parcial en virtude daquelas autorizacións cun límite máximo de 120 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que as resolucións administrativas ou xudiciais que autoricen as suspensións ou reducións de xornada se producisen entre o 1 de outubro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, ambos inclusive;
- b) Que o despedimento ou a resolución administrativa ou xudicial que autorice a extinción se produza entre o 8 de marzo de 2009 e o 31 de decembro de 2012.

2. A reposición prevista no número 1 deste artigo será de aplicación cando no momento da extinción da relación laboral:

- a) Se reinicie o dereito á prestación por desemprego.
- b) Se opte pola reapertura do dereito á prestación por desemprego inicial, en exercicio do dereito de opción previsto no artigo 210.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.
- c) Se esgotase a prestación por desemprego durante a suspensión ou a redución de xornada e non se xerese un novo dereito a prestación por desemprego contributiva.

3. Cando se autorice unha empresa en virtude de expediente de regulación de emprego ou procedemento concursal a suspender os contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou a reducir o número de días ou horas de traballo, durante o cal os traballadores esgotasen a prestación por desemprego á cal tivesen dereito, e posteriormente se autorice por resolución administrativa en expediente de regulación de emprego ou por resolución xudicial en procedemento concursal a redución de xornada ou suspensión dos contratos, os traballadores afectados polas ditas autorizacións que non xerasen un novo dereito a prestación contributiva terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo polo mesmo número de días que percibisen o desemprego total ou parcial en virtude da anterior suspensión ou redución de xornada cun límite máximo de 90 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a resolución administrativa ou xudicial que autorizase esa anterior suspensión ou redución de xornada se producise entre o 1 de outubro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, ambos inclusive.
- b) Que a resolución administrativa ou xudicial que autorice a posterior suspensión ou redución de xornada se produza entre o 8 de marzo de 2009 e o 31 de decembro de 2010.

4. A reposición prevista nos puntos anteriores aplicarase ao mesmo dereito á prestación por desemprego que se consumiu durante a suspensión temporal ou redución temporal da xornada de traballo.

A base de cotización e a contía que se vai percibir, durante o período da reposición, será a mesma que a que correspondeu aos períodos obxecto da reposición.

5. Se un traballador foi beneficiario da reposición prevista no número 3 deste artigo non terá dereito á recollida no número 1.

6. O dereito á reposición recoñecerase de oficio pola entidade xestora nos supostos en que se solicite a reiniciación ou reapertura da prestación por desemprego.

Nos supostos en que estea esgotado o dereito deberase solicitar a reposición, e será de aplicación o establecido no artigo 209 da Lei xeral da seguridade social.

7. As axudas recoñecidas en concepto de reposición de prestacións por desemprego aos traballadores incluídos nos plans de apoio para facilitar o axuste laboral dos sectores afectados por cambios estruturais do comercio mundial, conforme o previsto nos citados plans de apoio e na Orde do 5 de abril de 1995, pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Traballo e Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas, non serán acumulables á reposición de prestacións establecida neste artigo.

Artigo 4. *Eliminación do período de espera para ser beneficiario do subsidio por desemprego.*

1. Aos desempregados que reúnan os requisitos establecidos no artigo 215.1.1 e 215.1.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, non se lles exixirá figurar inscritos como demandantes de emprego durante o prazo de espera dun mes, sempre que as situacións protexidas polo subsidio por desemprego se produzan entre o 8 de marzo de 2009 e o 31 de decembro de 2010.

2. Nos supostos a que se refire este artigo para determinar o requisito de carencia de rendas e, de ser o caso, de responsabilidades familiares, para o recoñecemento do dereito considerárase como data do feito causante aquela en que se produza a situación protexida.

O dereito ao subsidio por desemprego nacerá a partir do día seguinte a aquel en que se produza o feito causante do subsidio, por esgotamento da prestación por desemprego, ou retorno, ou liberación de prisión, ou declaración de capacidade ou invalidez en grao de incapacidade permanente parcial, ou esgotamento do subsidio especial para maiores de 45 anos.

Para iso será necesario que o subsidio se solicite dentro dos quince días seguintes ás datas anteriormente sinaladas. A solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego nese mesmo prazo se esta non se efectuou previamente.

3. No non previsto no número anterior aplicárase o artigo 215.3 da Lei xeral da seguridade social, en canto á carencia de rendas e responsabilidades familiares, e o artigo 219.1, en canto ao nacemento do dereito.

CAPÍTULO III

Medidas de fomento do emprego

Artigo 5. *Bonificacións pola contratación indefinida de traballadores beneficiarios das prestacións por desemprego.*

1. Os empregadores que contraten indefinidamente ata o 31 de decembro de 2010 traballadores desempregados beneficiarios das prestacións ou os subsidios por desemprego regulados no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, ou da renda activa de inserción, terán dereito a unha bonificación do 100 por 100 na cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns ata que a contía da bonificación alcance un importe equivalente á contía bruta da prestación, subsidio ou renda activa de inserción que tivese pendente de percibir na data de inicio da relación laboral, sen que en ningún caso a bonificación poida superar os tres anos de duración.

Se o contrato foi a tempo parcial, a contía da bonificación reducirase en proporción á xornada pactada. Se o contrato foi para traballos fixos descontínuos, a bonificación só se aplicará aos períodos de ocupación do traballador.

2. A contía global da bonificación quedará fixada na data de inicio da relación laboral e non se modificará polas circunstancias que se produzan con posterioridade, salvo cando se varíe a xornada pactada ou o tipo de contrato, caso en que o empresario aplicará o establecido nos puntos anteriores sobre o importe da bonificación pendente de desfrutar a partir dese momento.

O empregador, para efectos do cálculo da duración das bonificacións, requiriralle ao traballador un certificado do Servizo Público de Emprego Estatal sobre o importe da prestación ou subsidio por desemprego ou renda activa de inserción pendente de percibir na data prevista de inicio da relación laboral.

3. No caso de desempregados beneficiarios da prestación contributiva, o traballador deberá ter percibido a prestación durante, polo menos, tres meses no momento da contratación.

4. O empregador beneficiario deberá manter a estabilidade no emprego do traballador contratado durante polo menos un ano desde a data de inicio da relación laboral, procedendo en caso de incumprimento desta obriga ao reintegro das bonificacións aplicadas, sen prexuízo da aplicación do establecido na Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non se considerará incumprida esta obriga cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado como procedente, por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

5. Sen prexuízo das obrigas establecidas para os traballadores no artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, a aplicación da bonificación prevista neste artigo requirirá o consentimento do traballador desempleado, que se expresará no contrato de traballo.

En todo caso, o disfrute da bonificación polo empresario non afectará o dereito do traballador ás prestacións por desemprego que lle restasen por percibir no momento da colocación, que se poderán manter se se trata dun contrato a tempo parcial ou recuperar no futuro se así corresponde aplicando o establecido na lexislación vixente.

6. A bonificación a que se refire este artigo será incompatible con calquera outra prevista para a mesma finalidade. No caso de que a contratación dun traballador poida dar lugar simultaneamente á aplicación doutras bonificacións, só se poderá aplicar unha delas; a opción corresponderalle ao beneficiario no momento de formalizar a alta do traballador na Seguridade Social.

7. Os contratos a que se refire este artigo formalizaranse no modelo oficial que facilite o Servizo Público de Emprego Estatal.

8. No non establecido neste artigo serán de aplicación as previsións contidas no Programa de fomento de emprego recollido na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, salvo o establecido en materia de exclusións no artigo 6.2.

9. O Servizo Público de Emprego Estatal levará a cabo un seguimento trimestral da bonificación establecida neste artigo, para garantir que se cumpren os seus requisitos e finalidade.

10. Esta bonificación de cotas da Seguridade Social aplicarana os empregadores con carácter automático nos correspondentes documentos de cotización, sen prexuízo do seu control e revisión pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola Tesouraría Xeral de Seguridade Social e polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 6. Modificación da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, para o impulso dos contratos a tempo parcial.

A Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 1 queda redactado como segue:

«1. O presente programa regula as bonificacións pola contratación indefinida, tanto a tempo completo como a tempo parcial e incluída a modalidade de fixo discontinuo, dos traballadores desempeados inscritos na oficina de emprego, incluídos aqueles que estean traballando noutra empresa cun contrato a tempo parcial, sempre que a súa xornada de traballo sexa inferior a un terzo da xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

Igualmente, regúlense as bonificacións para o mantemento do emprego de determinados traballadores.»

Dous. Modifícase o número 7 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«En todos os casos mencionados neste artigo, con excepción dos previstos no número 3, cando o contrato indefinido ou temporal sexa a tempo parcial, a bonificación resultará de aplicar ás previstas en cada caso unha porcentaxe igual á da xornada

pactada no contrato, á que se lle sumarán 30 puntos porcentuais, sen que en ningún caso poida superar o 100 por 100 da contía prevista.»

CAPÍTULO IV

Plan extraordinario de mantemento e fomento do emprego dos traballadores con discapacidade

Artigo 7. Modificación da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, en relación cos contratos indefinidos das persoas con discapacidade.

1. Dáse nova redacción ao número 3 do artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, que queda redactado como segue:

«Malia o establecido no punto anterior, cando se trate de traballadores con discapacidade que reúnan os requisitos a que se refire o seu último parágrafo, contratados por un centro especial de emprego mediante un contrato indefinido ou temporal, incluídos os contratos formativos, aplicaranse as bonificacións do 100 por 100 da cota empresarial á Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidade profesional e as cotas de recadación conxunta. A mesma bonificación desfrutarana os centros especiais de emprego no suposto de transformación en indefinidos dos contratos temporais de fomento de emprego de persoas con discapacidade ou de transformación en indefinidos dos contratos de duración determinada ou temporais, incluídos os formativos subscritos con traballadores con discapacidade.»

2. Dáse nova redacción ao número 3 do artigo 6 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, que queda redactado do modo seguinte:

«3. Cando se trate de contratacións con traballadores con discapacidade, só lles serán de aplicación as exclusións da letra c), se o contrato previo foi por tempo indefinido, e da letra d) do número 1, así como a establecida no número 2.

Non obstante, a exclusión establecida na letra d) do número 1 non será de aplicación no suposto de contratación de traballadores con discapacidade procedentes de centros especiais de emprego, tanto no que se refire á súa incorporación a unha empresa ordinaria, como no seu posible retorno ao centro especial de emprego de procedencia ou a outro centro especial de emprego. Tampouco será de aplicación esta exclusión no suposto de incorporación a unha empresa ordinaria de traballadores con discapacidade no marco do programa de emprego con apoio.

En todo caso, as exclusións das citadas letras c) e d) non se aplicarán se se trata de traballadores con especiais dificultades para a súa inserción laboral. Para estes efectos, considerarase que existen as ditas especiais dificultades cando o traballador estea incluído nalgún dos grupos seguintes:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por 100.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por 100.»

Artigo 8. Ampliación transitoria das subvencións por mantemento do emprego nos centros especiais de emprego.

1. O importe das axudas para o mantemento de postos de traballo en centros especiais de emprego destinadas a subvencionar o custo salarial correspondente a postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade, a que se refire o artigo 4.B) 2 da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de outubro de 1998, pola que se

establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos en centros especiais de emprego e traballo autónomo, será do 75 por 100 do salario mínimo interprofesional. No caso de contratos a tempo parcial, a subvención experimentará unha redución proporcional á xornada laboral realizada.

2. O disposto neste artigo será aplicable durante o período comprendido entre o 10 de xullo de 2009 e o 31 de decembro de 2010.

No suposto de traballadores con especiais dificultades para a súa inserción laboral, o período de vixencia estenderase desde o 10 de xullo de 2009 ata o 31 de decembro de 2011. Para estes efectos, considerarase que existen as ditas especiais dificultades cando o traballador estea incluído nalgún dos grupos seguintes:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por 100.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por 100.

3. Durante o primeiro semestre de 2011, o Goberno presentará un informe ao Congreso dos Deputados para valorar a continuidade ou non da ampliación da subvención para o mantemento do emprego en centros especiais de emprego, no marco da Estratexia Global de Acción para o Emprego das Persoas con Discapacidade.

Artigo 9. Informe sobre o grao de cumprimento da cota de reserva e as medidas alternativas.

O Goberno presentará un informe anual, ante o Congreso dos Deputados, sobre o nivel de cumprimento da cota de reserva do cadro de persoal a favor de traballadores con discapacidade en empresas de cincuenta ou máis traballadores, regulada na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e das medidas alternativas previstas.

Disposición adicional primeira. Financiamento das bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social.

As bonificacións na cotización empresarial á Seguridade Social, previstas na presente lei, financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional segunda. Excedentes do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Atrásase a materialización dos excedentes de ingresos que financian as prestacións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión, resultantes da execución orzamentaria correspondente ao exercicio 2008.

Disposición adicional terceira. Avaliación do actual sistema de bonificacións á contratación e novo Programa de fomento do emprego.

1. O Goberno, dentro do mes seguinte ao momento da entrada en vigor desta lei, remitirá ao Congreso dos Deputados un informe de avaliación dos resultados do sistema de bonificacións á contratación establecido na Lei 43/2006, do 29 de decembro, de mellora do crecemento e do emprego, para o seu debate na Comisión de Traballo e Inmigración.

2. Tendo presentes os resultados do dito debate, o Goberno impulsará, no marco do diálogo social, a elaboración dun novo Programa de fomento do emprego que sexa de aplicación en 2010, que se deberá orientar, polo menos, polos seguintes principios:

A vinculación á conxuntura actual da economía, do emprego e do desemprego, de maneira que apoie o emprego indefinido.

Unha mellor selección dos colectivos cuxa contratación se queira favorecer por estar particularmente afectados polo desemprego e presentar maiores problemas de empregabilidade, como é o caso dos parados de longa duración, os mozos e, particularmente, as persoas con discapacidade.

Favorecer que a temporalidade non repunte cando se inicie a recuperación económica.

A redución da complexidade do actual sistema de bonificacións.

Un maior uso do sistema por parte das pequenas e medianas empresas, polas empresas de economía social e polos traballadores autónomos que contraten traballadores por conta allea.

3. O novo Programa de fomento do emprego aplicable en 2010 deberá ser obxecto de avaliación no marco do diálogo social e en sede parlamentaria, coa participación da conferencia sectorial competente, para decidir as reformas que resulten necesarias para adaptalo á conxuntura económica e do emprego esperable a partir de 2011.

Disposición adicional cuarta. *Empresas dedicadas á intermediación laboral.*

Nun prazo non maior a catro meses e no marco do diálogo social, o Goberno levará a cabo as actuacións necesarias para:

1. Traspoñer a Directiva 2008/104/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa ao traballo a través de empresas de traballo temporal, considerando as seguintes cuestións:

a) A revisión das restricións na utilización de empresas de traballo temporal, contando coa opinión das organizacións sindicais e empresariais dos sectores afectados.

b) As condicións de traballo e emprego dos traballadores contratados para ser postos á disposición polas empresas de traballo temporal, incluíndo o principio de igualdade de trato, o acceso ao emprego, as instalacións e a formación profesional, a representación dos traballadores cedidos por empresas de traballo temporal e a información aos representantes dos traballadores.

2. Regular a actividade das empresas que interveñen na recolocación de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego.

Disposición adicional quinta. *Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Engádesse un segundo parágrafo á disposición adicional décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, co seguinte teor literal:

«Outorgarase o mesmo tratamento aos fillos que, aínda sendo maiores de 30 anos, teñan especiais dificultades para a súa inserción laboral. Para estes efectos, considerarase que existen as ditas especiais dificultades cando o traballador estea incluído nalgún dos grupos seguintes:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por 100.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por 100.»

Disposición adicional sexta. *Medidas de fomento de emprego para o traballo autónomo.*

O Goberno levará a cabo as actuacións necesarias para que as medidas de protección social asistencial non vinculadas ao sistema de protección contributivo, e aquelas de fomento do emprego que se realicen para os asalariados sexan extensibles aos traballadores autónomos que cesasen na súa actividade e non dispoñan de fontes de ingresos.

Disposición adicional sétima. *Fomento do emprego de mozos.*

O Goberno presentará, no prazo de 4 meses, un estudo sobre:

As prácticas non laborais e a súa regulación actual, incidindo en aspectos como o grao de cumprimento da súa finalidade formativa e a utilización fraudulenta desta fórmula para cubrir postos de traballo.

Os contratos de traballo en prácticas e para a formación, a evolución da súa utilización, problemas detectados e utilidade para a inserción laboral dos mozos.

Á vista dos resultados deste estudo, o Goberno propondrá, no marco do diálogo social, a revisión do marco xurídico da incorporación dos mozos ao mercado de traballo.

Na citada revisión recollerase a necesidade de reincorporar á actividade formativa aqueles mozos que non rematasen os estudos obrigatorios.

Disposición adicional oitava. *Recursos non gastados en formación continua.*

O Goberno elaborará un informe, no prazo máis breve posible, logo de consulta cos interlocutores sociais, con propostas acerca do destino dos recursos non gastados nos programas de formación continua correspondentes a cada anualidade.

Disposición adicional novena. *Formación de traballadores estranxeiros.*

O Goberno promoverá, en coordinación coas comunidades autónomas, políticas activas de ocupación orientadas á formación dos traballadores estranxeiros en situación de desemprego, promovendo o coñecemento das linguas oficiais recoñecidas na comunidade autónoma na cal residen.

Disposición adicional décima. *Regulación de políticas activas de emprego.*

O Goberno avaliará as políticas activas e efectuará propostas para incrementar a súa eficiencia, promovendo unha maior adecuación ás necesidades concretas das comunidades autónomas e unha maior coordinación interadministrativa.

Disposición adicional décimo primeira. *Loita contra as prácticas ilegais e fraudulentas na intermediación laboral.*

O Goberno, no marco do diálogo social, analizará a actuación das empresas de servizos cuxa actividade real consiste na contratación de traballadores para cedelos a terceiras empresas e, en función dos resultados da análise, tomará medidas para evitar as prácticas ilegais e fraudulentas.

Disposición adicional décimo segunda. *Modificación da regulación do réxime das empresas de inserción.*

1. Dáse nova redacción ao número 3 do artigo 15 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que queda redactado do modo seguinte:

«Non poderán ser contratados os traballadores que, nos dous anos inmediatamente anteriores prestasen servizos, na mesma ou distinta empresa de inserción, mediante un contrato de traballo incluído o regulado neste artigo salvo que, no suposto de fracaso nun proceso previo de inserción ou no de recaída en situacións de exclusión, o servizo social público competente considere o contrario á vista das circunstancias persoais do traballador.»

2. Dáse nova redacción á letra b) do número 3 do artigo 10 da Lei 44/2007, que queda redactada do modo seguinte:

«b) Certificar, antes da celebración do contrato, se o traballador, nos dous

anos previos á contratación que se pretende realizar, prestou servizos na mesma ou distinta empresa de inserción.»

Disposición adicional décimo terceira. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

Modifícase a letra e) do artigo 7, que queda redactada da seguinte forma:

«e) As indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador, na contía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos traballadores, na súa normativa de desenvolvemento ou, de ser o caso, na normativa reguladora da execución de sentenzas, sen que se poida considerar como tal a establecida en virtude de convenio, pacto ou contrato.

Cando se extinga o contrato de traballo con anterioridade ao acto de conciliación, estarán exentas as indemnizacións por despedimento que non excedan da que correspondese no caso de que este fose declarado improcedente, e non se trate de extincións de mutuo acordo no marco de plans ou sistemas colectivos de baixas incentivadas.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, nos supostos de despedimento ou cesamento consecuencia de expedientes de regulación de emprego, tramitados de conformidade co disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores e logo de aprobación da autoridade competente, ou producidos polas causas previstas na letra c) do artigo 52 do citado estatuto, sempre que, en ambos os casos, se deban a causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou por forza maior, quedará exenta a parte de indemnización percibida que non supere os límites establecidos con carácter obrigatorio no mencionado estatuto para o despedimento improcedente.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Impulso da formación continuada nas empresas de menos de 100 traballadores.*

O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, impulsará un programa de difusión ás empresas de menos de 100 traballadores dos recursos dispoñibles de formación continuada.

Así mesmo, o Goberno establecerá, no prazo de tres meses, unha tramitación administrativa abreviada para o acceso aos fondos de formación continuada das empresas de menos de 100 traballadores.

Disposición adicional décimo quinta. *Encadramento na Seguridade Social do persoal estatutario dos servizos de saúde que realice actividades complementarias privadas.*

As persoas incluídas no ámbito de aplicación do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, aprobado pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, que presten servizos a tempo completo nos servizos de saúde das diferentes comunidades autónomas ou nos centros dependentes do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e que, ademais, realicen actividades complementarias privadas, polas cales deban quedar incluídas no sistema da Seguridade Social, quedarán encadradas, por estas últimas actividades, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

Co fin de cumprir a obriga anterior, no caso de profesionais colexiados aos cales se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de supervisión e ordenación dos seguros privados, estes poderán optar entre solicitar a alta no mencionado réxime especial ou incorporarse á correspondente mutualidade alternativa das previstas na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de supervisión e ordenación dos seguros privados.

Disposición adicional décimo sexta. *Medidas relacionadas co encadramento e a cotización á Seguridade Social de determinados colectivos.*

Modifícase o número 1 do artigo 2 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Establécese, dentro do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, o sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, no cal quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

b) Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social vixente no exercicio en que se proceda á súa comprobación.

c) A realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, mesmo cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de se tratar de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

As limitacións na contratación de traballadores por conta allea a que se refire o parágrafo anterior enténdense aplicables por cada explotación agraria. No caso de que na explotación agraria existan dous ou máis titulares, en alta todos eles no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, engadirase ao número de traballadores ou xornais previstos no parágrafo anterior un traballador fixo máis, ou 273 xornais ao ano, en caso de traballadores eventuais, por cada titular da explotación agraria, excluído o primeiro.

Para determinar o cumprimento dos requisitos establecidos nas letras a) e b) poderase tomar en consideración a media simple das rendas totais e dos rendementos anuais netos dos tres exercicios económicos inmediatamente anteriores a aquel en que se efectúe a súa comprobación.»

Disposición adicional décimo sétima. *Seguridade Social aplicable aos socios traballadores de determinadas cooperativas.*

Modifícase o número 2 da disposición adicional cuarta da Lei xeral da seguridade social, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os socios traballadores das cooperativas de explotación comunitaria da terra e os socios de traballo aos cales se refire o artigo 13.4 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, para efectos de seguridade social, serán asimilados a traballadores por conta allea, sen prexuízo do previsto nos parágrafos seguintes.

As cooperativas que, ao abeiro da disposición transitoria sétima da Lei 3/1987, do 2 de abril, xeral de cooperativas, optaron por manter a asimilación dos seus socios de traballo a traballadores autónomos, para efectos de seguridade social, conservarán ese dereito de opción nos termos establecidos no número 1 desta disposición.

Non obstante, se con posterioridade á data de entrada en vigor desta lei, a

cooperativa modificou o réxime de encadramento dos seus socios de traballo, para a súa incorporación como traballadores por conta allea, no réxime que corresponda, non poderá volver a exercer o dereito de opción.»

Disposición adicional décimo oitava. *Cotización das persoas que se dedican á venda ambulante.*

Un. Adiciónase un novo punto 9, no punto cuarto do artigo 120, da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, nos seguintes termos:

«9. O disposto no segundo parágrafo do punto 8 anterior será de aplicación ás persoas que se dediquen, de forma individual, á venda ambulante, durante un máximo de tres días á semana, en mercados tradicionais ou *mercadillos* con horario de venda inferior de oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio, nin produzan os artigos ou produtos que vendan.»

Dous. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que, con anterioridade ao 31 de decembro de 2008, estivesen encadrados no réxime xeral e que, en razón do establecido no punto 8, número catro, do artigo 120 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, quedasen incluídos, para efectos da seguridade social, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, terán dereito a unha redución do 50 por 100 da cota que se vai ingresar.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no punto 8, número catro, do citado artigo 120, o tipo de cotización vixente no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

A redución de cotas regulada neste punto terá efectos en relación coas cotas que se xerasen durante o ano 2009.

Disposición transitoria primeira. *Contratos anteriores á entrada en vigor desta lei.*

Os contratos de traballo, así como as bonificacións aplicables a estes, que se celebren antes da entrada en vigor desta lei, continuarán rexéndose pola normativa vixente no momento da súa concertación, sen prexuízo do previsto no artigo 1.

Disposición transitoria segunda. *Bonificacións aplicables a cotas xeradas con anterioridade ao 8 de marzo de 2009.*

Para efectos do establecido no artigo 1 desta lei, as bonificacións de cotas correspondentes aos períodos ingresados desde o 1 de outubro de 2008 ata o 8 de marzo de 2009 aboaranse ás empresas beneficiarias logo de solicitude, ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da correspondente devolución de cotas.

Disposición transitoria terceira. *Tratamento fiscal das indemnizacións derivadas de expedientes de regulación de emprego.*

A modificación da letra e) do artigo 7, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, contida na disposición adicional décimo terceira desta lei, será de aplicación aos despedimentos derivados dos expedientes de regulación de emprego aprobados a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, así como aos despedimentos producidos polas causas previstas na letra c) do artigo 52 do Estatuto dos traballadores desde esta mesma data.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación ao Goberno para a aprobación da prórroga do Plan Extraordinario de Medidas de Orientación, Formación Profesional e Inserción Laboral, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008.*

Autorízase o Goberno para a aprobación, mediante acordo do Consello de Ministros, da prórroga, durante dous anos máis, do Plan Extraordinario de Medidas de Orientación, Formación Profesional e Inserción Laboral, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008, referida exclusivamente á medida consistente na contratación de 1.500 orientadores para o reforzamento da rede de oficinas de emprego. Esta medida será de aplicación en todo o territorio do Estado e a súa xestión realizarana as comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e o Servizo Público de Emprego Estatal.

Respecto da xestión polas comunidades autónomas desta medida, os créditos correspondentes distribuiranse territorialmente entre as ditas administracións, de conformidade co establecido nos artigos 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e o ministro de Traballo e Inmigración, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei, logo de consulta ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Disposición derradeira terceira. *Avaliación das medidas establecidas nesta lei.*

O Goberno avaliará o funcionamento das distintas medidas establecidas nesta lei.

Á vista dos resultados das avaliacións trimestrais efectuadas, e en función da evolución que experimente o emprego, o Goberno, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, poderá establecer a prórroga da vixencia de calquera das medidas previstas nesta lei, para garantir que se cumpran as finalidades perseguidas.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.*

Introdúcese na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, unha nova disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Réxime aplicable ás operacións de fusión, escisión e cesión global ou parcial de activos e pasivos entre entidades de crédito.*

1. As operacións de fusión entre entidades de crédito da mesma natureza, así como as de escisión e cesión global de activos e pasivos entre entidades de crédito de idéntica ou distinta natureza rexeranse polas normas establecidas para as ditas operacións nesta lei, sen prexuízo do previsto na lexislación específica aplicable a estas entidades.

2. Cando a operación consista no traspaso por sucesión universal dunha ou varias partes do patrimonio dunha entidade de crédito, calquera que sexa a súa natureza, que formen unha unidade económica, a outra entidade de crédito de igual ou distinta natureza a cambio dunha contraprestación que non consista en accións, participacións ou cotas da entidade cesionaria, resultará de aplicación a esta o réxime da cesión global de activos e pasivos previsto nos artigos 85 a 91 desta lei, sen prexuízo do previsto na súa lexislación específica.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO